



CERTIFICACIÓN

Don Constantino Cobas Cotelo, secretario xeral do Concello de Vimianzo (A Coruña).

CERTIFICO:

Que a Alcaldía con data 26-09-2024, ditou a Resolución 1239/2024 que a continuación se transcribe:

“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

ASUNTO: Aprobación do expediente de contratación para a execución do proxecto de obra denominado “Rehabilitación de urbanización existente con reposición de pavimentos instalaciones urbanas e iluminación en Braña da Grixá, desde AC-552 hasta esquina de c/Codeseiras con c/Tedín, en Vimianzo” financiado con cargo ao POS+ 2023. Expediente TEDeC 2024/C003/000008.

Visto o proxecto denominado “Rehabilitación de urbanización existente con reposición de pavimentos instalaciones urbanas e iluminación en Braña da Grixá, desde AC-552 hasta esquina de c/Codeseiras con c/Tedín, en Vimianzo” (RE 202399900000755 , de data 28/04/2023) redactado polo arquitecto D. Alejandro Iglesias Alonso, colexiado núm.4369 do COAG, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS + 2023, que financia a Deputación provincial da Coruña, que funcionará como prescricións técnicas e que foi aprobado polo Pleno do concello de data 14/02/2023 e aprobada a súa rectificación, que agora se licita, por Resolución da Alcaldía núm. 595/2023, de data 28/04/2023.

Vista a providencia da alcaldía de data 25/09/2024 na que se xustifica a necesidade desta contratación, nos termos do art. 28 do LCSP, e pola que se inician os trámites para levar a cabo a contratación das obras de “Rehabilitación de urbanización existente con reposición de pavimentos instalaciones urbanas e iluminación en Braña da Grixá, desde AC-552 hasta esquina de c/Codeseiras con c/Tedín, en Vimianzo” , de acordo co antedito proxecto.

Visto que o valor estimado do contrato ascende a cento sesenta e seis mil cento dous euros e dezaseis céntimos (166.102,16 €) e orzamento total de licitación a douscentos mil novecentos oitenta e tres euros e sesenta e un euros (200.983,61 €), estímase procedente a contratación da referida obra mediante procedemento aberto simplificado, por razón da contía (art.159.1 a) da LCSP), así coma por mor da axilidade e celeridade na contratación co fin de cumprir cos prazos de xustificación que establece o Plan que financian este investimento.

Visto o prego de cláusulas administrativas particulares proposto pola Alcaldía, de data 26/09/2024, que consta no expediente TEDeC.

Consta informe emitido pola secretaría municipal, en data 25/09/2024, favorable, con observacións. Tamén consta informe favorable emitido pola intervención municipal, en data 26/09/2024.

Acreditada a existencia de consignación na aplicación 453.61900, proxecto de gasto 2023/2/POS23/3/1, para afrontar o gasto que poida representar esta contratación, segundo o documentos de retención de crédito núm.220230003994 e 220240007252 asinado pola intervención municipal en data 26/09/2024.

Tendo en conta o establecido na Disposición Adicional Segunda da LCSP, ao respecto das competencias en materia de contratación das entidades locais así como o establecido no art. 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Visto canto antecede, RESOLVO:



Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación e o prego de cláusulas administrativas particulares de data 25/09/2024, que rexerá a contratación, por procedemento aberto simplificado, tramitación ordinaria, da obra denominada “Rehabilitación de urbanización existente con reposición de pavimentos instalaciones urbanas e iluminación en Braña da Grixá, desde AC-552 hasta esquina de c/Codeseiras con c/Tedín, en Vimianzo” previstas no antedito proxecto técnico (que funcionará como prescricións técnicas) e que ascenden a un importe total de douscentos mil novecentos oitenta e tres euros e sesenta e un euros (200.983,61 €), financiados con cargo ao POS+ 2023, da Deputación provincial da Coruña.

Dispónse a apertura do procedemento de adjudicación na modalidade de procedemento aberto simplificado e tramitación ordinaria e declarando a non división en lotes do investimento obxecto de licitación en base ao xustificativo na memoria da contratación.

Segundo.- Aprobar o gasto por importe total de douscentos mil novecentos oitenta e tres euros e sesenta e un euros (200.983,61 €), IVE incluído, con cargo á aplicación orzamentaria 453.61900 do orzamento municipal, de conformidade co disposto no Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e o Real Decreto 500/1990, do 20 de abril.

Terceiro.- Publicar o anuncio de licitación na plataforma de contratos do estado.

Cuarto.- Dar conta da Resolución na vindeira sesión ordinaria do Pleno do concello.

Así o manda e asina a Sra. Alcaldesa en Vimianzo, do que eu, secretario acumulado, dou fe.

A Alcaldesa

Mónica Rodríguez Ordóñez

(documento asinado electrónicamente)”

O secretario acumulado,

Constantino Cobas Cotelo

E para que así conste, por orde e co visto e prace da Sra.alcaldesa, expido esta certificación, en Vimianzo.

A Alcaldesa

Mónica Rodríguez Ordóñez

(documento asinado electrónicamente)

O secretario acumulado,

Constantino Cobas Cotelo